

Suxestión dirixida ao Concello de Arteixo para que revise con urxencia o funcionamento da “Academia de baile Tropicalia” tanto no relativo ao seu horario como nos ruídos que xera, que non deberan permitirse; que intensifique os controis e inspeccións e que se despois de verificados os anteriores aspectos continuaran as molestias por ruídos procedentes do local, pola súa actividade ou instalacións, cumpra a súa obriga de comprobar tales circunstancias e no seu caso as corrixa, se é preciso coas sancións que correspondan e adoptando as medidas cautelares pola reiteración das infraccións que procedan

Expediente: C.8.Q/11568/24

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2024

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. XXX referente a ruídos e molestias nunha vivenda por unha academia de baile no baixo.

#### ANTECEDENTES

Primeiro: En data do 05/06/24 (R.E. 15499/24) o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica esencialmente que:

“Vivo en Arteixo rúa XXX en el bajo de dicha dirección abrieron una academia de baile siendo los perjudicados los dos primeros por temas de ruidos extracción, taconeo, música etc. se hizo varias reclamaciones al ayuntamiento pero no contestan e incluso reuniones ..., tenemos llamadas a la propia Policía Local con informes diciendo que si efectivamente se escucha música y ruidos molestias de taconeo e incluso intentamos hacer una medición pagada por nosotros pero la propietaria de la academia dice que allí solo entra a hacer la prueba la empresa que ella dice sino nada. Esto todo está en conocimiento del ayuntamiento, el ayuntamiento dice que tiene todo en regla con informe acústico pero no es normal que se escuche tanto ruido en las dos viviendas del primero incluso alguna vez el ruido llega al segundo. Solo pedimos que el ayuntamiento haga otra medición ... La hora de cierre de esta academia es hasta las 2 de la madrugada cosa que tampoco entendemos.. llevamos más de un año así y nadie hace nada ya no sabemos que hacer...”

**SEGUNDO.-** A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe ao Concello de Arteixo con data do 14/06/24 (R.S.10682/24).

**TERCEIRO.-** Con R.E.16656/24 de data 4 de xullo, recíbese nesta institución un informe remitido polo ente local no que se fai constar literalmente o seguinte:

#### INFORME DA POLICÍA LOCAL

“En resposta ao escrito da Valedora do Pobo, de data 13 de xuño de 2024, polo que se peticionaba informe en relación co expediente de queixa referenciado, iniciado a instancias de don XXX, sobre molestias ocasionadas por academia de baile, achégase o informe elaborado polo Inspector Principal da Policía Local.

El Inspector Principal 013012, en calidad de Jefe del Área de Seguridad, realiza el presente informe en relación con el oficio recibido en fecha 21 de junio de 2024, enviado desde el rexistro xeral da Valedora do Pobo con nº de registro 10682/24 en relación con el expediente C.8.Q/11568/24, relativa a una solicitud de D. XXX, por lo que INFORMA:

En relación con lo relacionado por el Sr. XXX indicar lo siguiente:

1. Efectivamente por parte de esta policía se ha acudido en varias ocasiones a la academia de baile Tropicalia sito en el bajo del número 10 de la calle XXX, todas ellas por requerimiento de los vecinos de ese inmueble, principalmente por los del XXX, por quejas relacionadas con ruido.
2. Una vez en el lugar se comprueba que a veces el ruido proviene por los alumnos de la academia en el exterior de la academia, y otras, según quejas vecinales, del volumen interior de la música, aspecto éste que no se ha podido corroborar al no disponer este cuerpo de medidor de sonidos ni de personal cualificado para realizar la medición.
3. Comprobado el estado urbanístico y de licencias de actividad, desde el departamento de urbanismo nos trasladan encontrarse todo en regla.

4. Se han mantenido al menos dos reuniones por parte del que subscribe, una de ellas con varios vecinos del inmueble y otra en mi despacho con el Sr. XXX, indicándole que deberían o bien él o la comunidad realizar una medición de sonido propia para aportarla como prueba; o incluso solicitar formalmente que sea el propio Concello el que la realice.

Por todo ello desde esta Jefatura se estima que se han dado todas las explicaciones solicitadas por el Sr. XXX, no habiendo nada más en lo que pronunciarse al respecto.

Informe Concelleiro Delegado de Urbanismo

#### OFICIO

Asunto.- EXPTE. 66/23 MOLESTIAS PRODUCIDAS POR ACADEMIA DE BAILE SITA EN EL BAJO DE EDIFICACION R/CIDADE BOS AIRES, 10.-XXX

Dimanante desa Institución, o pasado día 20 de xuño de 2024 tivo entrada no rexistro xeral deste Concello un escrito –asento núm. 20240000005626– en relación coa queixa formulada por don XXX, sobre MOLESTIAS PRODUCIDAS POR ACADEMIA DE BAILE SITA EN EL BAJO DE EDIFICACION R/CIDADE BOS AIRES, 10, a medio do que se solicita información sobre a situación actual do devandito expediente.

Os servizos técnicos municipais emitiron informe con data 4 de xullo de 2024, CVD: XXX, co seguinte tenor literal:

#### INFORME TECNICO

A actividade de academia de baile que nos ocupa consta de verificación favorable de comunicación previa de obra e actividade de data 04.05.2023, con expedientes números 2022/U027/000032 e 2022/U019/000074 a nome de dona XXX.

Consta así, mesmo no expediente de actividade certificado favorable de medición de illamento a ruído aéreo "in situ" realizado polo Estudio de Ingeniería de Ruídos y Aislamientos, S.L. (EIRA, S.L.) no cal se comprobou o aillamento do forxado entre o baixo da academia de baile e os pisos XXX e XXX dando resultados inferiores ao nivel máximo admisible ( $\leq 25$  dB).

Na visita de inspección realizada polo técnico municipal para a verificación favorable comprobouse que a actividade proxectada e as medidas correctoras adoptadas se consideraban eficaces para un normal desenvolvemento da actividade comunicada axustándose sustancialmente o existente co proxectado salvo vicios ocultos.

Segundo consta nas instalacións así como páxinas web da actividade os horarios son de 17:00 a 22:30 de luns a venres.

Non consta ningunha medición acústica no expediente da actividade nin do de disciplina urbanística que indique a esta Administración un incumprimento das medidas sinaladas no proxecto que serviu de base para o outorgamento do título habilitante municipal.

*Este é o meu informe emitido segundo o meu leal saber e entender e salvo consideracións mellor fundadas ás que se somete o técnico que subscribe, tendo carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste á legalidade vixente da actuación pretendida.*

(...)

#### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

**Primeira:** Da lectura da queixa e do informe remitido polo ente local, dedúcese sen lugar a dúbidas, que a problemática de contaminación acústica que está a xerar a Academia de Baile Tropicalia, ubicada en *el bajo del número 10 de la calle Cidade de Bos Aires*, baixo dese Concello de Arteixo, afectaría non so ao promotor deste expediente de queixa, senón tamén a veciñanza do edificio en cuxo baixo desenvólvese a indicada actividade.

No informe da Policía Local consta que: *“se ha acudido en varias ocasiones a la academia de baile Tropicalia sito en el bajo del número 10 de la calle Cidade de Bos Aires, todas ellas por requerimiento de los vecinos de ese inmueble, principalmente por los del XXX, por quejas relacionadas con ruido”* e tamén que *“a veces el ruido proviene por los alumnos de la academia en el exterior de la academia, y otras, según quejas vecinales, del volumen interior de la música, aspecto éste que no se ha podido corroborar al no disponer este cuerpo de medidor de sonidos ni de personal cualificado para realizar la medición”*

**Segunda:** Segundo consta no informe técnico, o horario de apertura da actividade é de 17h a 22:30h, máis a veciñanza afectada, principalmente polo ruído, indica que a apertura prolóngase ata a madrugada e que levan padecendo as molestias dende fai máis dun ano, dende abril do 2023.

**Terceira:** Obran incorporados a este expediente os seguintes informes da Policía Local dese Concello de Arteixo polo asunto: Medio Ambiente-molestias-ruído local.

- De data 01/06/2023 no que consta: *“Se comprueba de la existencia de un golpe sonoro que retumba de manera intermitente cada poco tiempo (dos minutos aproximadamente). El sonido produce una vibración en el tabique del propio descansillo de escaleras, sin poder determinar la procedencia ni la causa que motiva el ruido. Los denunciante manifiestan tener que soportar ruidos de música, de extracción de aire y ahora el golpe sonoro ya mencionado, todo lo anterior, procedente del local "Tropicalia" dedicado a dar clases de baile y ubicado en el bajo del edificio.”*
- De data 12/06/2023 no que consta: *“Que una vez en las mismas, se escuchan y se distinguen perfectamente las canciones procedentes de la escuela arriba indicada, siendo los ruidos muy molestos y perturbadores...Que dichos ruidos también son escuchados en el rellano de las distintas plantas del edificio...”*
- De data 28/01/2024 no que consta: *“Siendo las 12:53 horas del día 28/01/2024, la patrulla formada por los Policías 013015 y 013042 se persona en el domicilio de la persona alternante en respuesta a quejas recibidas sobre ruido proveniente de música. Al llegar al lugar, se pudo constatar que la música se escuchaba claramente y parecía proceder de la academia de baile Tropicalia, situada en el bajo del edificio...”*
- De data 02/02/2024 no que consta: *“Que desde las 22:30 h se reciben llamadas de varios vecinos quejándose de los ruidos que provienen del local reseñado. La última llamada se recibe a las 00:15 h, cuando nos informan que en ese momento el local está siendo desalojado...se deja constancia de dichos avisos, debido a las numerosas quejas que se están recibiendo debido a las molestias ocasionadas por los ruidos que provienen de este local...”*

**Cuarta:** O concello non aclara o relativo ao cumprimento da súa función de garantir o interese público en relación con calquera actividade que poida ocasionar prexuízos ou molestias por contaminación acústica e tampouco se fai constar que se efectuara medición acústica algunha a fin de verificar a eventual inmisión sonora no interior das vivendas que compoñen o edificio afectado.

Mesmo podería valorarse o que sucede no interior das vivendas sen medición, posto que a comprobación subxectiva dos axentes da autoridade podería ser suficiente.

A veciñanza do edificio, ten dereito á intimidade persoal no ámbito domiciliario, ten o dereito a un medio ambiente adecuado e a protección da calidade de vida e ten dereito á saúde en relación co descanso.

Tal e como indicamos nos Informes ao Parlamento de Galicia, as comprobacións das transmisións de ruídos ás vivendas deben facerse cando tal cousa se denuncia polas persoas afectadas, é dicir, no preciso intre en que o local está a prexudicarlles con niveis inadecuados de ruídos, cometendo con iso unha infracción administrativa. Esta comprobación debe facerse cando se dea a denuncia, posto que noutro momento non ten sentido, e neste caso, realizáronse diferentes chamadas á Policía Local.

A necesidade de control tanto das condicións do local como de posibles infraccións se deduce da natureza das licenzas dos locais de funcionamento, o que obriga aos concellos a facer unha vixilancia continuada dos establecementos con licenza dese tipo.

A través deste instrumento de control continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade económica que está a desenvolverse no local, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra.

As licenzas deben garantir a ausencia de prexuízos ao longo da vida da actividade. Co seu outorgamento non termina o labor do ente local; a licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o da veciñanza o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.

A persoa que presentou a queixa e a súa familia están demandando a preservación de dereitos fundamentais, os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1) e á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), e tamén se reclama a preservación doutros dereitos constitucionais, como a protección da saúde (art. 43.1) e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2), polo que o cumprimento das obrigas da administración ten que ser rigoroso.

**Quinta:** No informe remitido polo ente local, non se proporcionan datos sobre o número de denuncias presentadas pola veciñanza a través de chamadas á Policía Local e sería unha

información relevante a fin de poder establecer unha relación entre as denuncias recibidas, as inspeccións realizadas, os procedementos tramitados e as sancións impostas.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Arteixo a seguinte **suxestión**:

*“Que revise con urxencia o funcionamento da “Academia de baile Tropicalia” tanto no relativo ao seu horario como nos ruídos que xera, que non deberan permitirse; que intensifique os controis e inspeccións e que se despois de verificados os anteriores aspectos continuaran as molestias por ruídos procedentes do local, pola súa actividade ou instalacións, cumpra a súa obriga de comprobar tales circunstancias e no seu caso as corrixa, se é preciso coas sancións que correspondan e adoptando as medidas cautelares pola reiteración das infraccións que procedan”*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo